

[GAL] Arquitectura contemporánea, a próxima. Arquitecturadegalicia.eu

[ENG] Contemporary architecture, the next. Arquitecturadegalicia.eu

Resumo [GAL] :

O espazo co que convivimos no cotiá está inzado de boas arquitecturas, pero ao non ter recoñecemento popular, pasan desapercibidas. Estamos rodeados de patrimonio! É o patrimonio da experiencia cotiá, do bo facer dos profesionais actuais. O que satisface as nosas necesidades e está silenciosamente ao noso carón. Non existe un relación directa entre orzamento e calidade arquitectónica. Ata a arquitectura mais modesta pode posuír valor. Non é fea nin bonita, é verdadeira.

Abstract [ENG]:

The space we live in the everyday is full of good architecture, but having no popular recognition, go unnoticed. We are surrounded by heritage! It is the heritage of everyday experience, the good work of the professionals present. What satisfice our needs and is quietly beside us. There is no direct link between budget and architectural quality. Even the most humble architecture can have value. Not ugly or beautiful, is true.

Etiqueta: #Arquitectura #Contemporánea #Galega #Arte #Útil

Tab: #Architecture #Contemporary #Galician #Art #Useful

A capacidade de habitar un lugar é inherente á arquitectura. A necesidade social do ser humano obríganos a convivir en sociedade para sobrevivir. Establecemos un diálogo entre natureza-sociedade-individuo creando unha relación entre as partes, isto define un espazo artificial ao que chamamos arquitectura. Non é posíbel vivir sen arquitectura. A arquitectura está en todo o que nos rodea. Non é posíbel gardar a arquitectura nun museo. Non pode ser algo elitista, forma parte da paisaxe das cidades, vilas ou aldeas. Non pode ser encerrada, forma parte do patrimonio colectivo. Na rúa na que vivimos, os edificios que a conforman, aínda que non son da nosa propiedade, estámonos apropiando pola nosa experiencia vital. Gardados na nosa memoria. Porque existe no imaxinario colectivo a idea de que só se considera arquitectura a certos edificios?

Hai palabras que teñen unha asociación mental inmediata, crean un vínculo idea-imaxe. Son duplas de significado-significante moi interiorizado. Casa, museo, cemiterio, monumento, son palabras que teñen unha imaxe recoñecible común, nunha cultura compartida. Isto é, que ao falar de cemiterios, por exemplo, compartimos cos nosos semellantes os conceptos arredor desa idea, imprescindible para comprenderse. Pero ese imaxinario non responde habitualmente a formas de arquitectura contemporánea, xeralmente son as formas 'tradicionais' as que ocupan este imaxinario colectivo.

Poderíamos contextualizar este desacordo entre finais do século XIX e comezos do XX cando a arte entrou en crise, e mudaron os ideais estéticos; a aparición de novas tecnoloxías como a fotografía e mailo cine mudaron a forma de entender a arte. A obra de arte perdeu valor como elemento irrepitíbel e artesanal, e na época da reprodución mecánica a aura da obra de arte dilúese e afástase do espazo da tradición (Benjamin 2012: 18-19). De xeito parello, na arquitectura as novas tecnoloxías mudaron a forma de construír. O ferro e posteriormente o aceiro, e o formigón armado permitiron desenvolver formas novas e cos produtos procedentes do mecanizado e a industrialización de pezas comezáronse a facer edificios simplemente montado pezas, coma outros obxectos industriais. Nos comezos, estas novas tecnoloxías empregábanse recreando formas tradicionais, pero evolucionaron cara unha nova expresión na que a materia propia adquire unha nova estética. Este foi o punto de inflexión, a quebra, entre o imaxinario colectivo e a arquitectura contemporánea.

“Se o criterio de autenticidade deixa de ser relevante, toda a función da arte queda

trastornada. En lugar de basearse no ritual pasa ter outro fundamento: A política” (Benjamin 2012: 22). A arquitectura como expresión cultural ten contido ideolóxico, tamén é un símbolo de clase. O poder representase no espazo físico empregando arquitecturas. As clases dominantes, as que goberna o ‘gusto’ popular, mantivéronse nunha posición reaccionaria fronte as novas expresións estéticas. Os formas que beben dos eclecticismos de finais de século foron as formas elixidas pola burguesía e a decadente nobreza para impoñer un rancio canon estético. Deste modo, as aspiración de clase tinguíronse dunha escenografía cargada de retórica romántica, arcaica e caduca. Simplemente hai que botar un ollo as portadas da revista “Hola” ou ver a vivenda que construíu o rei rexente en 2006.

A fin política última da arquitectura non é estética, é ética. “A arquitectura é intelectual ou é popular. O demais é un negocio” (Sota 2002: 70)

As clases dominantes enganáronos. O valor non está en quen posúe a arquitectura, se non no que a arquitectura é. A boa arquitectura ten valores, como son a sinceridade, a coherencia, a poesía, a luz, ou a utilidade, que non son exclusivos nin excluentes. Non existe un relación directa entre orzamento e calidade arquitectónica. Ata a arquitectura máis modesta pode posuír tales valores. Non hai arquitectura fea ou bonita, como pensan os párvulos, se non soamente verdadeira ou falsa (Miranda 2013: 67-68). Humildes vivendas dun poboado xitano poden ter moitos máis valor arquitectónico que a ridícula casa que se construíu o rei de España.

O patrimonio arquitectónico antigo está vinculado xeralmente a algún tipo de poder dominante nunha época: a igrexa, a nobreza, a burguesía ou outro tipo de grupo influínte. Mediante a gran escala e o medo, os monumentos arquitectónicos teñen como misión impoñela vontade de un poder ausente no presente vivido: “É na forma das catedrais ou os palacios que a igrexa e o estado falan ás multitude e impoñenlles o silencio” segundo Baraille (Montaner 2011: 31). O patrimonio arquitectónico contemporáneo, xa que vivido, ten unha natureza diferente.

O patrimonio arquitectónico contemporáneo compóñeno non só arquitecturas que representan o poder actualmente: o debilitado estado, coas sedes administrativas e os equipamentos e o poder empresarial. Senón tamén unha sinxela vivenda particular ou os

barrios de traballadores, tamén poden formar parte dese patrimonio. O espazo co que convivimos no cotiá está inzado de boas arquitecturas, pero ao non ter recoñecemento popular, pasan desapercibidas. O mercado do barrio, un pavillón deportivo, a casa do veciño, un peculiar barrio periférico... estamos rodeados de patrimonio!. Os valores da arquitectura contemporánea móvense en códigos máis sutís que os do monumentalismo aos que estamos acostumados cando falamos de patrimonio. É o patrimonio da experiencia cotiá, do bo facer dos profesionais actuais. O que satisface as nosas necesidades e está silenciosamente ao noso carón.

O proxecto arquitecturadegalicia naceu como un catálogo de patrimonio arquitectónico recente en forma de blogue. Clasificado por autores, épocas e lugares recolle a arquitectura galega construída nos últimos anos. O criterio de selección está baseado nunha ampla bibliografía, e unha recompilación de arquitectura galardoada con premios que valoran as características da arquitectura contemporánea. A data de comezo da catalogación é a partires de 1956, polo que abarcamos os últimos 58 anos de produción arquitectónica.

O ano de comezo da catalogación é 1956, escollido porque coinciden varios fitos na historia da arquitectura galega e do estado español. A academia sitúa o nacemento da arquitectura contemporánea, a chamada arquitectura do Movemento Moderno, ao redor dos anos 20 do século pasado, convivindo coas vangardas artísticas europeas. No estado español, entre finais da ditadura de Primo de Rivera e durante a segunda república un grupo de arquitectos sumouse a vangarda internacional, agrupados no GATEPAC (Grupo de Artistas y Técnicos Españoles para el Progreso de la Arquitectura Contemporánea) especialmente relevante en Catalunya. Estas vangardas arquitectónicas tiveron pouco eco no noso territorio, sometidos aínda ao poder tradicionalista do clero e do caciquismo no rural, e no desenvolvemento das cidades atopábanse postulados moi conservadores aínda. O golpe de estado do 1936 rompeu tódolos lazos coa vangarda internacional e o estado sumiuse na ignorancia imposta polo fascismo. Terían que pasar unhas décadas para que algúns arquitectos privilexiados puideran recibir información ou saír ao exterior, e recuperar a modernidade. Isto coincide cos plans de desenvolvemento do franquismo, e o nacemento da clase media española. O símbolo desta clase media vai ser a posibilidade de ter vehículo propio, o SEAT 600 comeza a fabricarse en 1957. De 1956 é a primeira lei urbanística moderna "Lei do solo e da Ordenación Urbana". Estes 2 fitos definirán unha nova forma de facer cidade. Ao redor de 1913 naceron unha xeración de arquitectos que

aínda que pertencentes ao réxime tiñan na mirada na modernidade: Josep Antoni Coderch (1913-1985), Miguel Fisac (1913-2006), Rafael Aburto (1913-2014) ou Alejandro de la Sota (1913-1996). Comezando a construír as súas primeiras obras na década dos 60. Entre 1957 e 1964 constrúese a Sede do Goberno Civil de Tarragona, peza clave da recuperación da modernidade. En coordenadas galegas, o proceso da recuperación da modernidade ten dous nomes propios, vinculados ás dúas cidades máis importantes. Xosé Bar Bóo (1922-1994) en Vigo e Andrés Fernández-Albalat Lois (1924) na Coruña. Ámbolos dous estudaron en Madrid, xa que ata os anos 70 non haberá escola de arquitectura galega, e nesa época comezan a realizar as súas primeiras obras. A obra inaugural da recuperación da modernidade arquitectónica galega é o edificio Plastibar (1957) de Xosé Bar Bóo en Vigo (ArquitecturadeGalicia 2013), e esa é a nosa primeira obra catalogada.

Os períodos de maior desenvolvemento arquitectónico contemporáneo tamén vai ser o de maior desfeita territorial. Estamos falando dos anos 60, o “desarrollismo”, e o comezo dos 2000, a “época do ladrillo”. Os anos 60 no estado español supuxeron un crecemento exacerbado das cidades, trala chegada de gran cantidade de poboación procedente das zonas rurais, a migración interior. Á cidade chegaba moita xente creando nas cidades unha urxencia habitacional, favorecendo a construción rápida e de baixa calidade de vivendas. Barrios enteiros construídos sen atender ás mínimas condicións hixiénicas das vivendas. O patrimonio existente derrubábase para dar paso a edificacións máis altas e baratas, a especulación dominaba a cidade. As pequenas vilas comézanse a encher de edificios de vivendas en altura, que van definir unha nova fachada: as medianeiras. Fachadas lisas á espera de que a edificación veciña tamén especule co solo. Simultaneamente o estado desenvolve unha política de vivenda pública insuficiente, pero que en algúns casos pode chegar a altas cotas de calidade, como no caso da Unidade Veciñal de Elviña nº3 proxectada por José Antonio Corrales no 1964 na Coruña (ArquitecturadeGalicia 2013). Vivendas para persoas humildes que posuían un estándar de calidade arquitectónica maior ca os da clase media dentro do mercado libre de vivenda.

No estado español o sector da construción sempre foi un factor clave no desenvolvemento económico. A construción de vivenda e de infraestruturas non responde a unhas necesidades sociais de vivenda ou de mobilidade, se non a de alimentar a maquinaria do mercado da construción. Un mercado que crea mais oferta, que activa a

demanda, e aumenta os empregados no sector, nunha espiral ascendente ata a explosión. Explicouno moi ben El Roto: “En el mismo momento que dejásemos de construir, se derrumbaría todo”. A comezos dos 2000, a ‘era do ladrillo’ desenvolvía barrios periféricos baleiros e autoestradas e infraestruturas que non levaban a ningunha parte. Este tsunami urbanizador estourou, aínda que non o pareza, xa había persoas que o avisaran (Fernández 2006: 1-46). Mentres tanto definíase a faciana do dispendio neste país: A Cidade da Cultura.

Agora que todo está en calma, o ruído do diñeiro xa non nos cega. Co mercado inmobiliario morto, segue a haber arquitectura. Onde hai vida, hai arquitectura. Xa non se ven os grandes orzamentos nas portadas dos xornais, pero séguense a facer arquitectura, máis pequena e modesta. Da que non fai ruído na paisaxe, se non da silenciosa. A que acompaña, e está aí na vida cotiá, ao carón, próxima. Da que non chama a atención, pero que é necesaria para a vida. A boa arquitectura segue a importar, porque é sincera, coherente, poética, luminosa, é útil. Non é fea nin bonita, é verdadeira.

Bibliografía

ArquitecturadeGalicia. *Edificio Plastibar*, publicación electrónica:

<http://arquitecturadegalicia.eu/blog/?p=2373> [15-09-1014]

ArquitecturadeGalicia. *Unidade Veciñal nº 3*, publicación electrónica:

<http://arquitecturadegalicia.eu/blog/?p=3889> [15-09-1014]

Benjamin, Walter. *La obra de arte en la época de su reproducción mecánica*, Casimiro libros, Madrid, 2012.

Fernández Durán, Ramón. *El Tsunami urbanizador español y mundial. La necesidad de prepararse para el previsible estallido de la burbuja inmobiliaria*, publicación electrónica:

http://www.nodo50.org/ramonfd/tsunami_urbanizador.pdf [15-09-2014]

Miranda, Antonio. *Arquitectura y Verdad. Un curso de crítica*, Ediciones Cátedra, Madrid, 2013.

Montaner, Josep María e Muxí, Zaida. *Arquitectura y Política. Ensayos para los mundos alternativos*, Editorial Gustavo Gili, Barcelona, 2011.

Sota, Alejandro de la. *Escritos, conversaciones, conferencias*. Editorial Gustavo Gili, Barcelona, 2002.